



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. Fiscaliz. e Control Financ. Sec. Control II

*Revogación da delegación de competencias do Concello de Boqueixón*

#### ANUNCIO

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 1 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“29. Dación de conta da revogación da delegación de competencias do control financeiro do Concello de Boqueixón.

Dáse conta da revogación solicitada polo Concello de Boqueixón, da delegación do exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun exercicio determinado e a instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes e a emisión de informes de control financeiro sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa ou figura similar (xestión interesada, sociedade de economía mixta ou concerto).

A citada revogación producirá efectos dende o 12/02/2024, seguindo a tramitación do Plan de control financeiro do ano 2023 polas subvencións pagadas polo Concello de Boqueixón durante os anos 2020 e 2021.

Despois da sesión plenaria, publicarase a revogación da competencia no BOP, segundo o previsto no artigo 9.3 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 12 de marzo do 2024

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria xeral,

Amparo Taboada Gil

2024/1702